



Referencia: 130/2019

Data: 24 de maio de 2019

Asunto: NOTIFICACION SECRETARIO CMD CR - FEDERACION GALEGA DE JUDO E DISCIPLINAS ASOCIADAS G15109267

Destinatario: FEDERACION GALEGA DE JUDO E DISCIPLINAS ASOCIADAS

NOTIFICACIÓN

Por medio do presente escrito notifícolle para o seu coñecemento que o Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes de Ourense, na sesión ordinaria que tivo lugar o 23/5/2019, tomou, entre outros, o acordo que de seguido se reproduce na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

Primeiro: Aprobar unha subvención de 3.200 €, á Federación Galega de Judo e D.A. con CIF G15109267, para a organización XVI Trofeo de Judo “Cidade de Ourense”. Liga Internacional de Clubs 2018 con cargo a partida 3410-48010 dos orzamentos do Consello Municipal de Deportes vixentes.

Segundo: Comunicar o presente acordo o interesado.

RÉXIME DE RECURSOS-. Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE